




Identificación del Registro y Funcionario REGISTRO MARIA PITA ACM		SELLO DE ENTRADA Fecha:24/09/2020 Número:47397  15030 A RMPE1410KK
Código del Asiento RMPE1410KK	Fecha y Hora de Registro 24/09/2020 12:56:43	

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS EN EL REGISTRO

FECHA, HORA Y NUMERO DE REGISTRO

24/09/2020 12:56:43 nº47397

EXTRACTO (Contenido del escrito)

MOCION SOBRE A CASA CORNIDE

INTERESADOS

**PRI: GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO <---> Plaza MARIA PITA, Nº1 , CP
15001 - CORUÑA (A) - A CORUÑA**

DOCUMENTACIÓN APORTADA

**2D0W3F0L0O1W6L0L0QSM - Solicitud general
Original electrónico**

Este justificante deberá ser presentado para obtener cualquier información sobre el escrito al que hace referencia.

LEYENDA: [F]Funcionario [N]Negociado [O]Otros [PR]Principal [REP]Representante [SEC]Secundario

O Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** (BNG), ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, e por iniciativa do seu portavoz, Francisco Xesús Jorquera Caselas, presenta a seguinte **MOCIÓN sobre a Casa Cornide**, promovida pola Comisión Aberta en Defensa do Común, Asociación de Veciños da Cidade Vella, Partido Comunista de Galicia, Esquerda Unida, Bloque Nacionalista Galego, Marea Atlántica, Confederación Intersindical Galega, Galiza Nova, Asociación Cultural Alexandre Bóveda, Agrupación Cultural O Facho, Asociación de Veciños Oza-Gaiteira-Os Castros, Asociación de Veciños das Atochas-Monte Alto, Asociación de Veciños do Castrillón-Urbanización Soto, Proxecto Cárcere e Centro Social Gomes Gaioso.

Exposición de motivos

Nos últimos anos foron numerosas as iniciativas institucionais e cívicas para recuperar a Casa Cornide para uso público. O Pleno de 11 de setembro de 2017 aprobaba declarar "persoas non gratas" a familia Franco e que a Casa Cornide sexa devolta a cidade. O Pleno de 8 de xaneiro de 2018 aprobaba unha moción esixindo a recuperación da Casa Cornide. O Pleno de 12 de setembro de 2019, aprobaba por unanimidade una moción para a devolución da Casa Cornide ao patrimonio da Coruña. Unha Marcha Cívica, convocada o 27 de outubro de 2018 por Defensa do Común e a Asociación de Veciños da Cidade Vella, reclamaba a devolución da Casa Cornide ao patrimonio da Coruña.

A Casa Cornide, o mesmo que o pazo de Meirás e outros moitos obxectos levados ao pazo, forman parte do espolio da familia Franco. A Deputación da Coruña e o Parlamento Galego aprobaron iniciativas por unanimidade para que a familia Franco devolva o espoliado ou roubado. Así, o Parlamento Galego instaba o Goberno do Estado o 11 de xullo de 2018 a iniciar as accións legais para a recuperación do pazo de Meirás para o

patrimonio público e que esta "non implique un novo custo para o pobo galego". Unha recente sentenza de 2 de setembro de 2020 ordena a súa devolución ao patrimonio público, sen ningún tipo de compensación á familia do ditador Franco.

A familia Franco tampouco atende a petición unánime da Coruña e pon en venda a Casa Cornide. Esta actitude dos herdeiros do ditador Franco merece a repulsa desta corporación municipal.

Por outra parte, coñecemos con detalle como se organizou o roubo do pazo de Meirás a través da chamada Junta Provincial pro Pazo del Caudillo, e como se traslada a propiedade da Casa Cornide, que era do concello da Coruña, a Carmen Polo, esposa del ditador Franco, a través dunha poxa. Significados franquistas que promoveron e participaron activamente nestes dous espolios -Alfonso Molina Brandao, Pedro Barrié de la Maza e Sergio Peñamaría de Llano- aínda conservan na Coruña rúas, retratos en edificios públicos, placas e todo tipo de distincións, que non pode admitir unha sociedade democrática.

A adquisición da Casa Cornide foi unha auténtica operación de Estado que se organizou durante varios anos. No podía aparecer como a cesión dunha propiedade pública a unha persoa privada como Camen Polo, esposa de Franco, e por iso a solución para superar ese problema foi convocar unha poxa, previamente amañada.

A Casa Cornide foi mercada en 1948 pola Dirección Xeral de Belas Artes (Ministerio de Educación). Con Alfonso Molina como alcalde pasa a propiedade municipal en 1958 a través dunha permuta co Ministerio de Educación Nacional, que recibe a cambio unha parcela municipal en San Roque/zona escolar.

Sergio Peñamaría (sucede a Alfonso Molina como alcalde o 19 de maio de 1959), tramita a venda cunha sorprendente rapidez e o Pleno de 3 de xullo de 1962 acordaba a venda do palacio e tamén as bases para unha poxa que se celebra un mes despois. Barrié gaña a poxa-farsa celebrada o 2 de agosto de 1962 e adquire a Casa Cornide por 305.000 pesetas. Esa mesma tarde o pleno dá conta que Barrié solicita transmitir a propiedade a Carmen Polo. Tres días despois vendeu a casa a Carmen Polo por 25.000 pesetas, como figura na escritura.

Por todo o devandito o **Pleno do Concello** adopta os **seguintes**:

ACORDOS

- 1. O Pleno da Coruña ratifícase nos acordos plenarios dos últimos anos, 11 de setembro de 2017, 8 de xaneiro 2018 e o acordo unánime de 12 de setembro de 2019, que reclamaban a recuperación da Casa Cornide para o patrimonio da Coruña.*
- 2. Impulsar o proceso iniciado polo concello para que a Casa Cornide sexa declarada Ben de Interese Cultural (BIC).*
- 3. Executar no momento que finalicen os informes e estudos previos en trámite, e previo ditame xurídico ao respecto, as accións administrativas e xudiciais oportunas para anular o título de propiedade de dito inmóbel e para súa incorporación ao patrimonio público municipal da Coruña.*
- 4. Considerar non grata a presenza da familia Franco na Coruña polo seu empeño en continuar co espolio e manter a propiedade da Casa Cornide.*

5. *Atender a solicitude de inclusión de Defensa do Común e da Asociación de Veciños da Cidade Vella "María Pita" para participar no grupo de traballo sobre a Casa Cornide, dentro do Consello Municipal da Memoria Democrática.*


6. *Pedir á Comisión Municipal de Memoria Democrática que inclúa dentro do grupo de traballo para a eliminación da simboloxía franquista o estudo da retirada de rúas, retratos, placas, monólitos e todo tipo de distincións ás persoas que impulsaron, organizaron ou participaron no espolio do pazo de Meirás e da Casa Cornide para beneficio da familia do ditador Franco.*

7.- *Expresar a solidariedade coas persoas que serán xulgadas o vindeiro 14 de outubro, demandadas pola familia Franco, por participar nun acto simbólico e pacífico de denuncia do espolio da Casa Cornide.*

8. *Apoiar a II Marcha Cívica, convocada polas entidades sinaladas, para o sábado, 31 de outubro, coa seguinte mensaxe: "Devolución da Casa Cornide ao patrimonio da Coruña. Franquismo nunca máis".*

9. *Pedir a publicación dun Bando da Alcaldía chamando a participar na citada Marcha Cívica.*

A Coruña, 24 de setembro de 2020



Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA